

A N U N C I O

Na sesión plenaria de data 17.06.11 acordouse a seguinte dedicación exclusiva, procedéndose a súa publicación a efectos de xeral coñecemento, de conformidade co disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985 RBRL:

Primeiro. Concesión da DEDICACIÓN EXCLUSIVA do Sr. Alcalde, que redundará no beneficio da prestación de servizos e interese público deste Municipio.

Segundo. Acordar como retribucións por esta Dedicación Exclusiva a contía de 48.792,12€ brutos anuais (en 14 mensualidades de 3.485,15€ brutos), así como o aboamento do 50% da cota individual pola asistencia médica complementaria, nas mesmas condicións que o persoal laboral do Concello, tal e como figuran na Base 28ª das Bases de Execución do Orzamento para 2011 aprobado polo Pleno Da Corporación o día 27 de xaneiro de 2011 e publicado no BOP de 4 de febreiro de 2011.

Terceiro. Dispoñer a aplicación retroactiva do presente Acordo desde a data da toma de posesión do cargo.

Ponte Caldelas, a 4 de xullo de 2011.—O Alcalde Acctal., Francisco Regueira Regueira. **2011006955**

* * *

REDONDELA

A N U N C I O

No “Boletín Oficial” de Pontevedra de data 6 de maio de 2011 publicouse anuncio polo que se expoñía ao público polo prazo de trinta días aos efectos de presentación de reclamacións e suxestións o Regulamento do Consello Municipal da Muller do concello de Redondela. Non se presentaron nin alegacións nin suxestións, polo que se eleva a definitivo o seu texto íntegro que se transcribe a continuación.

REGULAMENTO DO ÓRGANO SECTORIAL: CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER (CMM) DO CONCELLO DE REDONDELA*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

Durante os últimos anos desenvolvéronse un conxunto de normativas e estratexias de traballo a prol da igualdade, que desembocaron no que se coñece como Mainstreaming de Xénero -Transversalidade de xénero-, termo que se emprega por primeira vez no ano 1985, e que na práctica significa a incorporación do obxectivo da igualdade de xénero a todas as políticas públicas. Así, nos últimos anos, estamos asistindo ao desenvolvemento do proceso de implantación da transversalidade de xénero nas intervencións públicas, tanto no ámbito europeo, como estatal, autonómico e municipal.

De tal xeito que a participación das mulleres convértese nun instrumento de grande importancia á hora de desenvolver estratexias e buscar respostas a toda a problemática que abrangue a súa diversa realidade, debendo facilitar que as mulleres poidan achegar a súa propia experiencia, a súa capacidade e a súa perspectiva ao espazo público.

Ademais a participación das mulleres na toma de decisións continúa sendo un reto e un elemento que supón constancia e garantía do bo desenvolvemento do estado democrático. Por iso seguen a ser necesarias as políticas de acción positiva destinadas a establecer a igualdade de oportunidades de feito, por medio de medidas que permitan corrixir as discriminacións existentes.

Desta maneira, faise imprescindible a existencia dun órgano que articule a devandita participación no ámbito local, como é o Consello Municipal da Muller, para propiciar así a integración da igualdade de oportunidades nas políticas e prácticas cotiás do goberno local, así como a comunicación con outros organismos públicos e/ou privados. E asemade, traballando pola eliminación dos desequilibrios e desigualdades existentes na nosa sociedade e involucrando nisto tanto as mulleres como os homes do

noso municipio, co fin de rematar con calquera tipo de discriminación por razón de sexo no Concello de Redondela.

TÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO

O presente Regulamento ten por obxecto a regulación do Consello Municipal da Muller do Concello de Redondela, establecendo os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento, así como as súas funcións e súa composición.

ARTIGO 2. CONCEPTO.

O Consello Sectorial da Muller é o órgano sectorial complementario de consulta, asesoramento e participación nas actuacións e programas en materia de política de muller e igualdade de oportunidades do Concello de Redondela.

O Consello ten carácter permanente e coñecerá as actuacións municipais e doutras entidades e organismos no seu ámbito sectorial, en particular en materia de dotación de servizos, equipamentos e instalacións, e desenvolvemento de actividades e establecemento de accións e programas relacionados coa igualdade de oportunidades e de trato.

ARTIGO 3. ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación do Consello Municipal da Muller é o municipio de Redondela.

TÍTULO II: FUNCIÓNS E OBXECTIVOS

ARTIGO 4. FUNCIÓNS DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER (CMM)

O CMM desenvolve funcións de informe e, no seu caso proposta, en relación coas iniciativas municipais relativas ao seu sector de actividade, así como de asesoramento, orientación, instancia, consulta e colaboración co Concello, coa Mancomunidade ou Area Metropolitana e coa Comunidade Autónoma e/ou con calquera outra Administración Pública que afecte ou incida no eido da muller dentro do ámbito municipal. E, ao mesmo tempo, serve de canle que facilita e fomenta a participación veciñal, social e das entidades nos asuntos municipais e nas organizacións e institucións supramunicipais nas que estea representado e teña presenza o Concello de Redondela.

As principais funcións do Consello Municipal da Muller serán:

- I. Proporá actuacións para a consecución da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes de Redondela.
- II. Velará pola incorporación da perspectiva de xénero e a igualdade no desenvolvemento de todas as políticas municipais.
- III. Impulsará Programas, medidas e/ou accións encamiñadas a favorecer a sensibilización e o traballo a prol da eliminación da violencia de xénero.
- IV. Denunciará publicamente e pronunciarase ante os casos de violencia contra as mulleres que puideran xurdir.
- V. Ofrecerá unha canle para propiciar a participación de todas as mulleres a través das súas asociacións no ámbito municipal.
- VI. Fomentará o asociacionismo feminino e a participación activa das asociacións de mulleres do Concello.
- VII. Estudará e emitirá informes con perspectiva de xénero.
- VIII. Denunciará condutas de discriminación que se produzan de cara ás mulleres.

IX. Proporá actuacións e acordos ás diversas concellerías, á Corporación, aos consellos municipais e cantas outras institucións incidan coas súas actuacións, ou coas súas omisións, no ámbito da muller e da igualdade.

O Concello de Redondela facilitará e garantirá as medidas axeitadas para o cumprimento destas funcións e o adecuado funcionamento do Consello Municipal da Muller do Concello de Redondela.

ARTIGO 5. OBXECTIVOS

O Consello Municipal da Muller ten como obxectivos xerais:

- Velar pola incorporación da perspectiva de xénero de xeito transversal no desenvolvemento das políticas municipais.
- Elaborar, ao remate de cada ano, un informe sobre a situación da muller e das súas entidades no municipio, informe que se enviará á Corporación Municipal.
- Elevar ao Concello informes ou propostas para mellorar o funcionamento e a calidade do sistema público de Servizos á Muller, coñecendo o funcionamento destes.
- Ser informado obrigatoriamente dos acordos adoptados pola Alcaldía, Xunta de Goberno e Pleno, respecto a aqueles asuntos de interese para os seus cometidos.

O CMM ten como obxectivos específicos:

- Propor ao Concello calquera tipo de actuación que teña como obxecto potenciar a participación das mulleres en todos os ámbitos da vida municipal.
- Solicitar, a través do Concello, ás distintas administracións, todos aqueles programas e medidas encamiñadas a corrixir as situacións de desigualdade.
- Informar con carácter previo sobre aquelas actuacións municipais non instadas polo propio Concello que afecten directamente, ou dun xeito especial, ás mulleres, e/ou a aspectos ou ámbitos relacionados con elas.
- Denunciar publicamente situacións discriminatorias.
- Fomentar e apoiar o asociacionismo das mulleres.
- Solicitar servizos e equipamentos axeitados para a poboación feminina.
- Informar, debater e difundir os dereitos das mulleres na sociedade actual.
- Propor programas que inclúan medidas de acción positiva que axuden a superar e eliminar situacións de desigualdade.
- Condenar publicamente a violencia de xénero e a violencia exercida contra as mulleres.

ARTIGO 6. CONSULTAS AO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

A consulta ao CMM terá carácter preceptivo ou facultativo.

A consulta consiste en expoñer ou presentar un asunto fundamentado en forma de proposta perante o Pleno do Concello, así como o seu posicionamento e pronunciamento segundo o cómputo do resultado da votación das persoas compoñentes do mesmo, polo procedemento de votación ordinaria.

O CMM será consultado con carácter preceptivo nas seguintes cuestións:

- a) Convenios, protocolos e acordos de colaboración e cooperación coa administración autonómica e outras, con organismos ou entidades de carácter público e/ou privado, e/ou de iniciativa social, que afecten ou estean relacionados coa área de Igualdade e/ou Muller, dentro do ámbito Municipal.
- b) Actuacións e normas municipais, ou doutro rango, que afecten, incidan ou favorezan a ocupación real das prazas en equipamentos e centros para as mulleres, co obxecto de facer efectiva a igualdade de oportunidades e de trato, promovendo accións positivas e optimizando os recursos.

- c) Actuacións e normas municipais, ou doutro rango, en relación con programas para a muller e coas súas prestacións específicas; en particular as funcións de organización consultiva definidas neste Regulamento.
- d) Emprazamento de equipamentos a centros para as mulleres e a súa instalación dentro da demarcación municipal e actuacións relacionadas coa súa conservación e mantemento adecuados.
- e) Fomento das actividades orientadas a mellorar a calidade e a extensión dos servizos específicos e na programación de investimentos en materia de muller e Igualdade.
- f) Competencias que afecten aos servizos específicos para a muller e que a lexislación outorgue aos municipios e aos seus recursos financeiros.
- g) En materia de subvencións e axudas ás asociacións e ás entidades no ámbito da muller e as súas bases reguladoras e convocatorias.
- h) Plan de actuación e orzamentos municipais en materia de muller e Igualdade.

ARTIGO 7. INFORMES DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

O CMM informará ao Concello sobre os seguintes asuntos:

- a) Necesidade de ampliación ou modificación de prestacións, axudas, recursos, equipamentos, centros e investimentos na rede de servizos para as mulleres.
- b) Actuacións e disposicións normativas en relación coas prazas en equipamentos e Centros para a muller.
- c) Programación das actividades que realizará o Concello, desenvolvemento de programas e elaboración de Plans de Actuación.
- d) Obxectivos e prioridades das actuacións municipais relativas ás competencias no eido da Muller e Igualdade, que a lexislación lles atribúe e os seus recursos financeiros.
- e) Calquera outro asunto atribuído ao Consello por disposición legal ou regulamentaria, ou aquelas outras materias relacionadas cos servizos específicos para as Mulleres.

A consulta terá carácter facultativo en calquera outro asunto que para o funcionamento dos Servizos para a Muller lle sexa requirida.

ARTIGO 8. PETICIÓN DO C.M. DA MULLER

O CMM pode solicitar información á Administración Pública do nivel correspondente ao seu ámbito de actuación, e dirixir peticións ao Concello, Consellerías, así como a outros órganos e entidades públicas, privadas ou de iniciativa social.

TÍTULO III: COMPOSICIÓN E ORGANIZACIÓN

ARTIGO 9. ÓRGANOS DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

Son órganos do Consello Municipal da Muller:

- a) A Presidencia.
- b) A Vicepresidencia.
- c) O Pleno.
- d) A Secretaría.

ARTIGO 10. A PRESIDENCIA E A VICEPRESIDENCIA

A presidencia do Consello Municipal da Muller será exercida polo Alcalde ou Alcaldesa, ou a concelleira ou concelleiro que este/esta designe. A Presidencia exercerá a máxima representación co Consello Municipal da Muller.

Son atribucións da Presidencia:

- a) Representar ao Consello Municipal da Muller de Redondela.
- b) Velar polo cumprimento dos fins propios do Consello e da adecuación da súa actuación ao disposto na normativa vixente.
- c) Convocar as sesións do Pleno do Consello, presidilos, dirixir os debates e as deliberacións, executar os acordos e dirimir as votacións, en caso de empate co seu voto de calidade, e suspender as sesións por causas xustificadas.
- d) Elaborar a Orde do día das sesións plenarias do Consello.
- e) Levar a cabo as actuacións precisas para executar os acordos adoptados polo Pleno.
- f) Informar ao Consello Municipal da Muller das propostas dos plans e programas de actuación que afecten ao seu ámbito.
- g) Remitir aos órganos municipais que correspondan as propostas do Consello.
- h) Dirixir ao persoal do Concello adscrito funcionalmente.

A VICEPRESIDENCIA:

A Vicepresidencia é designada polo Alcalde ou Alcaldesa a proposta do Pleno do Consello.

Son atribucións da Vicepresidencia substituír á Presidencia nas súas funcións nos casos de ausencia, doenza ou impedimento legal, e desenvolver funcións de apoio e colaboración coa Presidencia.

Ademais a Vicepresidencia exercerá as funcións que expresamente lle delegue a/o Presidenta/e ou o Pleno do Consello.

ARTIGO 11.— O PLENO DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

Para os efectos de composición do Pleno do CMM, seguirase o disposto por este regulamento. En todo caso integrarase por:

- A Presidencia.
- A Vicepresidencia.
- Unha representante de cada Asociación ou Entidade de Muller e/ou Igualdade, inscrita no correspondente rexistro municipal e nos rexistros autonómicos.
- Unha representante de cada un dos grupos políticos con representación na Corporación Municipal. No caso de non contar con Concelleiras, designarán a unha muller da súa lista electoral.
- Unha representante por cada unha das asociacións e/ou entidades veciñais que teña legalmente constituída unha Vogalía da Muller e estean inscritas no rexistro municipal de asociacións.
- Unha representante da organización ou organizacións empresariais existentes en Redondela.
- Unha representante por cada unha das Secretarías da Muller, Igualdade e/ou similar, das organizacións sindicais con implantación local.
- A Secretaría do Pleno.

Ao Pleno do Consello compétenlle as seguintes funcións:

- a) Sinalar as liñas xerais de actuación do Consello Municipal da Muller do Concello de Redondela.
- b) Presentar iniciativas, suxestións e propostas para seren debatidas nos órganos municipais correspondentes.
- c) Discutir e aprobar, no seu caso, os informes e propostas que se presenten ante o Consello.
- d) Proponer actividades para realizar no eido da igualdade e da perspectiva de xénero no ámbito local de Redondela.
- e) Calquera outra función que estea directamente relacionada cos obxectivos do CMM.

Todas as persoas representantes serán integrantes de pleno dereito do Consello Municipal da Muller, con voz e voto, excepto a secretaria que actuará con voz pero sen voto.

ARTIGO 12. A SECRETARÍA DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

A secretaria do CMM corresponde ao persoal funcionario da administración do Concello adscrito funcionalmente e que se designe especificamente.

As funcións da Secretaría son:

- a. Elaboración das actas, autorizándoas coa súa sinatura e co Visto e Prace da Presidencia.
- b. Asistencia con voz e sen voto ás sesións.
- c. Custodia de toda a documentación relativa ao CMM.
- d. Solicitude e expedición de certificacións á Secretaría Xeral do Concello.
- e. Cantas outras funcións lle sexan atribuídas polo órgano competente.

ARTIGO 13. MANDATO DOS ÓRGANOS DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

As persoas integrantes do CMM terán un mandato de representación coincidente co mandato da Corporación Municipal.

No caso de producirse algunha vacante por renuncia ou calquera outra causa, proverase no prazo máximo dun mes. Cando cese o mandato da Corporación Municipal, cesará automaticamente todo o Consello, que se constituirá novamente no prazo máximo de tres meses, a partir do nomeamento dos novos/as representantes municipais no mesmo.

TÍTULO IV: RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

ARTIGO 14. XUNTANZAS E SESIÓNS DO PLENO DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

O Pleno do CMM reunirse con carácter ordinario trimestralmente, logo da convocatoria da Presidenta, ou con carácter extraordinario cando así o decida a Presidenta ou o soliciten un terzo das súas integrantes.

Tamén se reunirá con carácter urxente, a instancia da Presidencia, logo da ratificación plenaria do mesmo, por maioría das persoas asistentes. As sesións extraordinarias poden convocarse cunha antelación mínima de 48 horas.

As sesións plenarias ordinarias convocaranse, cando menos, con 10 días de antelación, agás as sesións extraordinarias con carácter urxente, cuxa convocatoria deberá ser ratificada polo Pleno, que en todo caso se acompañará da orde do día e das actas das sesións anteriores que se aprobarán nas sesións ordinarias.

A documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir de base ao debate e á súa votación, deberá figurar a disposición das integrantes do Consello dende o mesmo día da convocatoria nas dependencias municipais correspondentes.

O Pleno constitúese validamente coa asistencia da metade máis unha do seu quórum en primeira convocatoria, e un mínimo de 1/3 en segunda convocatoria media hora despois.

Requirirase obrigatoriamente a asistencia da Presidencia e da Secretaría ou persoas substitutas durante toda a sesión.

As sesións do Pleno son públicas, e nelas poderán participar as persoas que o soliciten á Presidencia cunha antelación de 24 horas, logo dun escrito motivado.

ARTIGO 15. ACORDOS DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

Os acordos adoptaranse por maioría simple das persoas presentes con dereito a voto.

Pódense formular votos particulares. Os posicionamentos e pronunciamentos pódense limitar a mostrar a súa conformidade ou desconformidade coas propostas sometidas a debate ou formular alternativas.

Teñen dereito a votar as persoas que ostenten a calidade de persoa integrante do Consello.

Teñen dereito a voz (sen voto), os/as solicitantes que se definen no derradeiro parágrafo do artigo 14.

A Presidencia pode solicitar a presenza do persoal técnico ou persoal experto nas materias e asuntos que se traten na sesión do órgano correspondente, de recoñecida profesionalidade ou coñecementos específicos e exhaustivos, ou de persoas representativas de entidades ou colectivos sociais afectados por algún problema ou cuestión, que disporán de voz, pero non de voto para expoñer opinións, presentar cuestións e/ou aclaracións.

A ausencia dunha representante, unha vez iniciada a deliberación, equivale, a efectos da votación correspondente, á abstención.

No caso de votacións con resultado de empate, efectuarase unha nova votación, e se persistira o empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia.

O voto é persoal e indelegable.

ARTIGO 16. INCORPORACIÓNS AO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

As organizacións e/ou entidades públicas e/ou privadas que se enmarquen dentro dos supostos descritos no artigo 11 deste regulamento, e que queiran formar parte do Consello Municipal da Muller, deberán cursar unha solicitude por escrito e presentala polo Rexistro Xeral do Concello, dirixida á Presidencia deste órgano sectorial.

As solicitudes de admisión, irán necesariamente acompañadas da documentación que a continuación se relaciona:

- a) Copia simple dos Estatutos e da acta de constitución de dita organización e/ou asociación.
- b) Copia simple do CIF.
- c) Xustificación da inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Redondela.
- d) Certificación acreditativa do domicilio social, número de socias e nome e cargo das persoas que ocupan os cargos directivos.
- e) Nome das persoas que exercerán de representantes da asociación no Consello Municipal da Muller.

Calquera modificación posterior dos datos achegados debe comunicarse por escrito á Secretaría do CMM dentro do mes seguinte á data na que se produza.

ARTIGO 17. DEREITOS E DEBERES DAS INTEGRANTES DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

Son dereitos das integrantes do Consello:

- a) Solicitar a inclusión dos asuntos que estimen pertinentes na orde do día do Pleno.
- b) Asistir ás reunións que se convoquen, participar nos debates, formular rogos e preguntas e exercer o seu dereito a voto.
- c) Solicitar certificacións dos actos e acordos das sesións.
- d) Recibir información adecuada para cumprir debidamente as funcións que teñen asignadas.

Son deberes das integrantes do Consello:

- a) Asistir ás reunións que se convoquen.
- b) Absterse cando os asuntos que se traten afecten aos intereses particulares das entidades que representan.
- c) Gardar a confidencialidade precisa cando a natureza dos asuntos así o requira.

ARTIGO 18. CESE DA CONDICIÓ DE INTEGRANTE DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

Deixarán de formar parte do Consello Municipal da Muller as entidades, organizacións e/ou asociacións que concorran nalgunha das seguintes circunstancias:

- a) Que así o decidan voluntariamente.
- b) Que a asociación e/ou organización manifieste ou realice algunha actividade contraria á Lei, a este Regulamento e/ou contraria aos principios de igualdade entre mulleres e homes.
- c) Por disolución da entidade.

As persoas representantes das entidades que conforman o CMM deixarán de exercer esta función cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Por falecemento.
- b) Por renuncia expresa, comunicada á entidade á que representa e á Secretaría do Consello Municipal da Muller.
- c) Por finalización do mandato da Corporación Municipal, para as integrantes da representación política municipal.
- d) Por disolución da entidade á que representan.
- e) Por calquera declaración xudicial que afecte á súa capacidade de obrar ou que a inhabilite para o exercicio de calquera cargo público.

O cese non voluntario debe ser acordado polo Pleno, a proposta da Presidencia, unha vez tramitado o correspondente expediente, no que en todo caso deberá de darse audiencia previa á asociación afectada ou da súa representante.

O cese como integrante do CMM non impide a posible reincorporación ao mesmo unha vez desaparecida, no seu caso, a causa que o motivou.

ARTIGO 19. RÉXIME XURÍDICO

No non previsto no presente Regulamento, seguirase o disposto no Capítulo II do Título II da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, no que se refire ao funcionamento dos órganos colexiados.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O presente regulamento está suxeito a modificacións, ben pola propia evolución do corpo social, da estrutura organizativa do propio Concello, e pola adecuación ao marco normativo dinámico e cambiante en materia de xénero e igualdade, e o Pleno do Concello será quen de adoptar o acordo correspondente a proposta do Consello Sectorial-Consello Municipal da Muller.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derrogado o anterior regulamento, aprobado polo Pleno do Concello, en sesión do día 26 de novembro de 1996 e publicado no BOP de 28 de abril de 1997.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Notificarase á administración autonómica e periférica do estado.

Os órganos establecidos constituiranse no prazo máximo de 3 meses, a partir da entrada en vigor do presente regulamento ou ben da constitución da corporación.

Redondela, a 1 de xullo de 2011.—O Alcalde, Javier Bas Corugeira.

2011006951